1. Le o texto e responde ás cuestións que se popoñen despois:

Entendo por hibridación procesos socioculturais nos que estructuras ou prácticas discretas, que existían en forma separada, se combinan para xeran novas estructuras, obxectos e prácticas. O mesmo tempo cómpre sinalar que as estructura chamadas discretas foron resultado de hubridacións, polo que non poden ser consideradas fotes puras. Un exmeplo: debatese hoxe se o "spanglish", nacido nas comunidades latinas de EEUU e extendido por ineternet a todo o mundo, pode ser aceptado, ensinado en cátedras universitarias, como acontece no Amherst College de Massachusetts, e obxecto de diccionarios especializados (Stavans). Como se o español e o ingles non foran ideiomas endebedados co latín, co árabe ou coas linguas precolombinas. Se non recoñeceramos a longa historia impura do castelán e extirpáramos os termos de raízárabe quedaríamonos sen alcachofas, alcaldes, almohadas e algarabías. Unha maneira de describir este tánsito do discreto ó híbrido e ás novas formas discretas, é a formula "ciclos de hibridación" proposta por Brian Strosss, segundo a cal na historia pasaríamos de formas máis heteroxéneas a outras máis homoxéneas, e logo a outas relativamente máis heteroxéneas, sen que nongunha sexa "pura" ou plenamente homoxénea.

Néstor garcía Canclini , "A globalización ¿productora de culturas híbridas?"

Cuestións:

a) Como define Canclini os procesos de hiridación?

b) Cres que Canclini restrinxe ó actual momento de globalización eses procesos de hubridación. Xustifica a túa resposta co que el aporta no texto.

2. Le o texto e responde ás cuestións plantexadas a seguir.

Se ben hoxe en día *globalización* e *sistema-mundo* usanse conxunta e indistintamente, o primero para designar o proceso e o segundo a estructuración global actual, en realidade cada termo é unha construcción asociada a un corpo de pensamento sustancialmente distinto, a diferentes investigadores e disciplinas académicas. (…) Desde a antropoloxía, autores como Marshall Sahlins, Marvin Harris, Ulf Hannerz, Guillermo Bonfil, Néstor García Canclini, Lourdes Arizpe, Renato Ortiz, entre outros, téñense interesado tamén por esta problemática. As

reflexións antropolóxicas téñense dirixido fundamentalmente ó cuestionamiento da suposta homoxeneización cultural producida pola globalización, ó desvelamento dos nuevos modos de construcción da hexemonía deste modelo de estructuración mundial, ás repercusiones do contido e dirección dos fluxos culturais, así como ás transformacións sociais e identitarias que está provocando.

Ana Rosas Mantecón "Globalización cultural e antropoloxía" en *Alteridades*, 1993, 3 (5): Págs. 79-91

Cuestións:

a) Enumera os temas e problemáticas que segundo a autora ten requerido a atención de antropoólogos e antropólogas en referencia ó contexto de globalización.

b) Sinala en que aspecto o concepto de cultura está sendo cuestionado pola antropoloxía no momento actual.

3. Responde ás seguintes cuestións:

a) Cales son as liñas básicas da política económica neoliberal que etá na base do procesos de globalización

b) Que categorías servión para dividir o mundo no discurso de expansión do capitalismo?

c) Por que motivo algúns investigadores e membros de ONGs critican a frase "paises en vías de desenvolvemento"?

SOLUCIÓNS

Solucións ó texto 1:

a) Chama procesos de hibridación ós procesos socioculturais nos que estructuras ou prácticas discretas, que existían en forma separada, se combinan para xeran novas estructuras, obxectos e prácticas.

b) Non, posto que pon o exemplo actual do spanglish e o compara coa formación do castelán e do inglés que tivo lugar noutras épocas.

Solucións ó texto 2:

a) Cuestionase a suposta homoxeneización cultural producida pola globalización; estudanse os novos modos de construcción da hexemonía do modelo de estructuración mundial; estúdanse ás repercusiones do contido e dirección

dos fluxos culturais; analízanse as transformacións sociais e identitarias que está provocando a globalización.

b) Naquel que entende a cultura como algo illado. É un reto actual da antropoloxía desfacerse desa vella idea das cultura como compartimento estanco e integrar nas análises das comunidades estudadas aqueles factores e dimensións que lles afectan no marco das relacións que se establecen entre comunidades.

Solucións o exercicio 3 :

a)

Goberno do mercado: Liberación das empresas privadas de calquera control imposto polo Estado. Reducción dos salarios mediante a "desindicalización" dos traballadores. Eliminación dos controis de prezos, en definitiva, libertade total para o movemento de capitais, bens e servizos. "Un mercado desregulado" é a mellor maneira de promover o crecemento.

Reducción do gasto público en servizos sociais: como a educación e sanidade que privatizadas poden dar grandes beneficios os empresarios que se fagan co sector.

Privatización: Venta de empresas, bens e servizos públicos (petroleo, ferrocarril, correos…) a inversores privados. Elíminase o concepto de ben público polo de responsabilidade individual.

Desregularización: É dicir, eliminar todas as regulaciones públicas da vida económica e social para que eles (a élite empresarial) podan establecer as súas propias regras.

b) "desenvolvemento" e "subdesenvolvemento; 'Primeiro Mundo' e 'Terceiro Mundo' 'Norte' e 'Sul' e "paises en vías de desenvolvemento".

c) Porque ós paises referidos con esta frase son cada vez máis pobres e porque a frase oculta as verdadeiras causas do seu empobrecemento.